

Anexo II. Ficha Convocatoria

I. NOME DOS PROXECTOS DA LIÑA DE INVESTIGACIÓN EN SIMULACIÓN CUÁNTICA ANALÓXICA E DETECCIÓN DE RAIOS CÓSMICOS

PROXECTOS DA LIÑA DE INVESTIGACIÓN EN SIMULACIÓN CUÁNTICA ANALÓXICA E DETECCIÓN DE RAIOS CÓSMICOS	
PROXECTO 1	QuantumLab – Quantum analog simulator with Paul ion traps
PROXECTO 2	CosmicQuantum - Cosmic ray detection in the quantum computing structure of CESGA

II. PROGRAMA/PROXECTO/CONTRATO/CONVENIO QUE FINANCIA O CONTRATO

	PROXECTO/S	FORMA DE FINANCIAMENTO DO PROXECTO
PROXECTO 1	QuantumLab – Quantum analog simulator with Paul ion traps	O proxecto que financia o contrato é o ICTS-MRR-2024-10-CESGA (RES), amparado pola orde ministerial citada a continuación: ORDE DA MINISTRA DE CIENCIA, INNOVACIÓN E UNIVERSIDADES POLA QUE SE CONCEDE Á FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA (CESGA) A SUBVENCIÓN PREVISTA NO REAL DECRETO 714/2024, DE 23 DE XULLO, POLO QUE SE REGULA A CONCESIÓN DIRECTA DE DIVERSAS SUBVENCIÓNS PARA O FORTALECEMENTO DAS CAPACIDADES, INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO DE SALAS BRANCAS DE MICRO E NANOFABRICACIÓN E DE CENTROS DE SUPERCOMPUTACIÓN NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UE NEXT GENERATION. As contratacións suxeitaranse á normativa do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en particular, ao Regulamento (UE) número 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, á Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, á Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia. Estas contratacións serán financiadas exclusivamente dentro do Compoñente 17 (Reforma institucional e



		fortalecimiento das capacidades do sistema nacional de ciencia, tecnoloxía e innovación) Investimento 2 (Fortalecimiento das capacidades, infraestruturas e equipamentos dos axentes do SECTI) e Obxectivo CID 260, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado a través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)_ NextGenerationEU e o Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública. A actuación tamén forma parte do PERTE Chip. En concreto, as actividades que levarán a cabo intégranse na actuación 1 do Eixo I de devandito PERTE (Desenvolvemento de I+D+i sobre microprocesadores de vangarda e de arquitecturas alternativas).
PROXECTO 2	CosmicQuantum - Cosmic ray detection in the quantum computing structure of CESGA	O proxecto que financia o contrato é o ICTS-MRR-2024-10-CESGA (RES), amparado pola orde ministerial citada a continuación: ORDE DA MINISTRA DE CIENCIA, INNOVACIÓN E UNIVERSIDADES POLA QUE SE CONCEDE Á FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA (CESGA) A SUBVENCIÓN PREVISTA NO REAL DECRETO 714/2024, DE 23 DE XULLO, POLO QUE SE REGULA A CONCESIÓN DIRECTA DE DIVERSAS SUBVENCIÓNS PARA O FORTALECEMENTO DAS CAPACIDADES, INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO DE SALAS BRANCAS DE MICRO E NANOFABRICACIÓN E DE CENTROS DE SUPERCOMPUTACIÓN NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UE NEXT GENERATION. As contratacións suxeitaranse á normativa do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en particular, ao Regulamento (UE) número 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, á Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, á Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia. Estas contratacións serán financiadas exclusivamente dentro do Compoñente 17 (Reforma institucional e fortalecimiento das capacidades do sistema nacional de ciencia, tecnoloxía e innovación) Investimento 2



		(Fortalecemento das capacidades, infraestruturas e equipamentos dos axentes do SECTI) e Obxectivo CID 260, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado a través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)_ NextGenerationEU e o Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública. A actuación tamén forma parte do PERTE Chip. En concreto, as actividades que levarán a cabo intégranse na actuación 1 do Eixo I de devandito PERTE (Desenvolvemento de I+D+i sobre microprocesadores de vangarda e de arquitecturas alternativas).
--	--	---

III. DESCRICIÓN DO/S PROXECTO/S

	PROXECTOS	DESCRICIÓN DOS PROXECTOS
PROXECTO 1	QuantumLab – Quantum analog simulator with Paul ion traps	The project focuses on the development of QuantumLab as a experimental platform for quantum technologies. The objective is to establish a versatile environment for quantum simulation with Paul traps for quantum information processing, and the exploration of fundamental physics with trapped ions.
PROXECTO 2	CosmicQuantum - Cosmic ray detection in the quantum computing structure of CESGA	This project focuses on the importance of cosmic radiation effects on quantum computers. The innovative idea corresponds to the construction and operation of a detector to measure the charged cosmic radiation passing through the quantum computer coupled to the Qmio CESGA quantum computer and transferring the information obtained (position and time of the cosmic passage) to the quantum computing infrastructure for further analysis and data processing.

IV. POSICIÓN OFERTADAS

DATOS DA ACTIVIDADE / PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Referencia da praza	PERTE47-25-INV-TRCSCC
Denominación	Investigador (junior) en tecnoloxías de detección de radiación cósmica e o seu efecto nos sistemas de computación cuántica
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.
CONDICIÓN DO POSTO	



Tipo de contrato	Contrato de Actividades Científico-Técnicas.
Categoría laboral	Técnico/a de proxecto.
Número de prazas	1
Descrición	O posto ten como cometido a realización de tarefas de deseño, adquisición, instalación, configuración, posta en operación e servizo de arranque inicial das infraestruturas e servizos dos proxectos do Plan Estratéxico da RES 2021-2024 (denominados no seu conxunto proxecto PERTE47). Terá como actividade principal a realización de todas aquelas tarefas técnicas necesarias para a posta en operación dos proxectos do PERTE47, particularmente os de "RES-CESGA-02-b Quantum computer PHASE II".
Funcións a realizar	As necesarias para o desenvolvemento axeitado do programa de investigación. Para iso, levará a cabo as seguintes tarefas: Análise e simulación: - Apoio en tarefas de análise, simulación e estudo de erros correlacionados en computadores cuánticos, especialmente en relación con qubits superconductores e impacto de partículas cósmicas. - Colaboración en proxectos de desenvolvemento e testaxe de software de control e simulación de hardware cuántico en contornas reais (Qiskit, Geant4, Python). Deseño e seguimento de plans de traballo: - Colaboración en tarefas específicas do programa de investigación, contribuíndo ao cumprimento dos obxectivos de cada fase do proxecto. - Apoio na coordinación de actividades do equipo e na comunicación interdisciplinaria. Documentación e mantemento do software desenvolvido: - Axuda na elaboración de documentación técnica sobre os scripts, algoritmos e ferramentas empregadas. - Apoio no mantemento e actualización de software e scripts de simulación, colaborando na corrección de erros e na adaptación a novas necesidades do proxecto. Publicación e difusión de resultados: - Colaboración na preparación de informes técnicos e de xestión relacionados co proxecto. - Apoio na organización de workshops, seminarios e outras actividades de difusión. Busca e análise de literatura científica: - Realización de procuras bibliográficas e análise de publicacións científicas e patentes relacionadas coa temática do proxecto, con especial énfase en desenvolvementos recentes na área de simulación computacional, dinámica molecular e análise de datos moleculares. Participación no despregue e evolución de infraestruturas:



	a. Apoio na implementación e mellora das plataformas e ferramentas necesarias para o desenvolvemento do proxecto. b. Participación na evolución das infraestruturas tecnolóxicas para garantir a escalabilidade das solucións empregadas no proxecto. 7. Tarefas xerais de apoio ao proxecto: a. Asistencia a reunións científicas e de xestión con grupos internacionais, participación en conferencias e cursos especializados, elaboración de informes e presentacións, e outras tarefas asociadas ao correcto desenvolvemento e monitorización do proxecto de investigación. Para o correcto desenvolvemento destas tarefas, a persoa seleccionada deberá manter interacción con equipos internacionais de investigación, polo que se require unha capacidade de comunicación fluída en inglés, tanto oral como escrita.
Retribución bruta anual	26.152,42 €.
Duración do contrato	Dende a sinatura ata a finalización do proxecto PERTE47 (establecida inicialmente para o 30 de xuño de 2026).
Data de inicio prevista¹	Novembro de 2025.
Xornada laboral	Tempo completo.
REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES	
Titulación requirida	Nivel 2 (Grado) segundo o Marco Español de cualificacións para a Educación Superior recollido no Real Decreto 1027/2011 de 15 de xullo ou as súas equivalentes. A titulación deberá estar adscrita nalgún dos seguintes ámbitos do coñecemento: • Ciencias da Terra. • Física e astronomía. • Enxeñaría eléctrica, enxeñaría electrónica e enxeñaría da telecomunicación. • Enxeñaría industrial, enxeñaría mecánica, enxeñaría automática, enxeñaría da organización industrial e enxeñaría da navegación. • Enxeñaría informática e de sistemas. • Enxeñaría química, enxeñaría dos materiais e enxeñaría do medio natural. • Matemáticas e estatística. • Química
Experiencia	Non se require.

¹ A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato



requirida			
Idiomas	Non se require.		
Outros	Non se require.		
MÉRITOS A VALORAR			
Ítem	Concepto do ítem	Puntos max.	Puntos mín.
1	Os méritos que se relacionan a continuación terán carácter valorable para os efectos da selección, <u>sen que a súa concorrencia sexa de obrigado cumprimento na súa totalidade</u>, ao non constituíren requisitos excluíntes. Valoraranse os seguintes aspectos: • Experiencia académica ou profesional previa relacionada coas funcións do posto: ○ Realización de traballos de fin de grao ou proxectos académicos vinculados a simulación, física cuántica, computación de altas prestacións ou áreas afíns. ○ Participación en prácticas externas en empresas, centros de investigación, departamentos ou laboratorios universitarios. ○ Colaboracións en grupos de investigación ou proxectos universitarios (aínda que sexan como bolseiro/a ou voluntario/a). ○ Experiencia en programación científica e/ou desenvolvemento de software aplicado á simulación, análise de datos ou control experimental (Python, C++, Qiskit, Geant4, LaTeX, ou ferramentas equivalentes). ○ Experiencia en procura e análise de literatura científica e patentes relevantes en simulación computacional, dinámica molecular, análise de datos moleculares ou ámbitos similares relacionados coas funcións do posto. • Formación específica relacionada cos requisitos do contrato ofertado: ○ Expediente académico, segundo a nota media das titulacións requiridas para o acceso ao proceso de selección. ○ Formación de posgrao ou cursos especializados en computación cuántica, física de partículas, simulación científica, programación avanzada ou tecnoloxías experimentais. ○ Cursos especializados en frameworks cuánticos (por exemplo: Qiskit, Cirq, Forest, etc.) ou simuladores físicos (por exemplo: Geant4). ○ Cursos, certificacións ou programas complementarios en programación (Python, C++, Qiskit), simulación (Geant4, Matlab, etc.) ou cálculo científico. ○ Outras formacións complementarias en programación científica, análise de datos, ou redacción e documentación	90	45



	técnica. • Outros méritos ○ Estancias internacionais (Erasmus ou similares) que acrediten competencia intercultural. ○ Publicacións ou participación en congresos (aínda que sexan estudantes). ○ Organización e/ou participación en actividades de difusión científica, incluíndo charlas, workshops e demostracións. Seleccionaranse para a fase de entrevista un mínimo do 40% candidatos por posto de entre os que superen o limiar mínimo requirido.		
2	Entrevista A entrevista centrarase en avaliar as competencias e habilidades transversais do candidato/a, así como a súa adecuación ao posto ofertado. ○ Competencias Técnicas: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto. ○ Habilidades Transversais: Capacidade de comunicación, traballo en equipo e resolución de problemas. ○ Adecuación ao Perfil do Posto: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a con os obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade. ○ Outras consideradas relevantes para o posto. Dado que a persoa seleccionada deberá manter interacción con equipos internacionais de investigación, para o que se require unha capacidade de comunicación fluída en inglés, a entrevista realizarase en inglés.	10	5

DATOS DA ACTIVIDADE / PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS

Referencia da praza	PERTE47-25-INV-SCAE
Denominación	Investigador/a en simulación cuántica analóxica de interaccións de alta enerxía
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.

CONDICIÓNS DO POSTO

Tipo de contrato	Contrato de Actividades Científico-Técnicas
Categoría laboral	Técnico/a Superior Proxecto.



Número de prazas	1
Descrición	O posto ten como cometido a realización de tarefas de deseño, adquisición, instalación, configuración, posta en operación e servizo de arranque inicial das infraestruturas e servizos dos proxectos do Plan Estratéxico da RES 2021-2024 (denominados no seu conxunto proxecto PERTE47). Terá como actividade principal a realización de todas aquelas tarefas técnicas necesarias para a posta en operación dos proxectos do PERTE47, particularmente os de "RES-CESGA-02-b Quantum computer PHASE II".
Funcións a realizar	As necesarias para o desenvolvemento axeitado do programa de investigación. Para iso, levará a cabo as seguintes tarefas: 1. Análise e simulación: - Tarefas de análise, simulación e estudo de erros correlacionados en computadores cuánticos, especialmente relacionados con qubits supercondutores e impacto de partículas cósmicas. - Participación en proxectos de desenvolvemento e testaxe de software de control e simulación de hardware cuántico en contornas reais (Qiskit, Geant4, Python). 2. Deseño e seguimento de plans de traballo: - Colaboración en tarefas específicas dentro do programa de investigación, garantindo que se cumpran os obxectivos de cada fase do proxecto e que os prazos establecidos se respecten. - Cooperación na xestión de equipo de traballo e asignación de tarefas específicas para asegurar a mellor colaboración interdisciplinaria. 3. Documentación e mantemento do software desenvolvido: - Elaboración de documentación técnica detallada sobre os scripts, algoritmos e ferramentas utilizadas no proxecto. - Mantemento do software e scripts de simulación, garantindo a súa actualización continua, a corrección de erros e a súa adaptación ás novas necesidades do proxecto. 4. Publicación e difusión de resultados: - Redacción de informes científicos, técnicos e de xestión, así como a preparación de publicacións en revistas científicas de alto impacto. - Presentación dos resultados en congresos internacionais, organización de workshops e seminarios, e difusión dos resultados en medios especializados. 5. Busca e análise de literatura científica: - Realización de procuras bibliográficas e análise de publicacións científicas e patentes relacionadas coa temática do proxecto, con especial énfase en desenvolvementos recentes na área de simulación computacional, dinámica molecular e análise de datos moleculares. 6. Participación no despregue e evolución de infraestruturas: - Colaboración na implementación e mellora das plataformas e ferramentas necesarias para soportar o desenvolvemento do proxecto.



	b. Participación na evolución das infraestruturas tecnolóxicas para garantir a escalabilidade das solucións empregadas no proxecto. 7. Tarefas xerais de apoio ao proxecto: a. Asistencia a reunións científicas e de xestión con grupos internacionais, participación en conferencias e cursos especializados, elaboración de informes e presentacións, e outras tarefas asociadas ao correcto desenvolvemento e monitorización do proxecto de investigación. Para o correcto desenvolvemento destas tarefas, a persoa seleccionada deberá manter interacción con equipos internacionais de investigación, polo que se require unha capacidade de comunicación fluída en inglés, tanto oral como escrita.
Retribución bruta anual	32.493,02 €.
Duración do contrato	Dende a sinatura ata a finalización do proxecto PERTE47 (establecida inicialmente para o 30 de xuño de 2026).
Data de inicio prevista²	Novembro de 2025.
Xornada laboral	Tempo completo.
REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES	
Titulación requirida	Nivel 3 (Grado + Máster) segundo o Marco Español de cualificacións para a Educación Superior recollido no Real Decreto 1027/2011 de 15 de xullo ou as súas equivalentes. A titulación deberá estar adscrita nalgún dos seguintes ámbitos do coñecemento: • Ciencias da Terra. • Física e astronomía. • Enxeñaría eléctrica, enxeñaría electrónica e enxeñaría da telecomunicación. • Enxeñaría industrial, enxeñaría mecánica, enxeñaría automática, enxeñaría da organización industrial e enxeñaría da navegación. • Enxeñaría informática e de sistemas. • Enxeñaría química, enxeñaría dos materiais e enxeñaría do medio natural. • Matemáticas e estatística. • Química.
Experiencia requirida	Non se require.
Idiomas	Non se require.

² A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato



Outros		Non se require.	
MÉRITOS A VALORAR			
Ítem	Concepto do ítem	Puntos max.	Puntos mín.
1	Os méritos que se relacionan a continuación terán carácter valorable para os efectos da selección, <u>sen que a súa concorrencia sexa de obrigado cumprimento na súa totalidade</u>, ao non constituíren requisitos excluíntes. Valoraranse os seguintes aspectos: • Experiencia académica ou profesional previa relacionada coas funcións do posto: ○ Traballos de Fin de Grao (TFG) ou Traballos de Fin de Máster (TFM) relacionados coa computación cuántica, física de partículas, simulación científica ou áreas próximas. ○ Participación en proxectos de investigación ou desenvolvemento tecnolóxico en áreas relacionadas coa física de partículas, física nuclear, física fundamental, computación cuántica (especialmente en procesadores cuánticos baseados en qubits supercondutores, ou manexo de frameworks como, por exemplo, Qiskit e Geant4), simulación científica ou tecnoloxías experimentais avanzadas. ○ Experiencia en proxectos de I+D+i financiados a nivel europeo, estatal ou autonómico, especialmente en ámbitos de tecnoloxías cuánticas, HPC ou física experimental. ○ Experiencia en proxectos ou redes internacionais de investigación no ámbito cuántico, físico ou tecnolóxico. ○ Experiencia en programación científica e/ou desenvolvemento de software aplicado á simulación, análise de datos ou control experimental (Python, C++, Qiskit, Geant4, LaTeX, ou ferramentas equivalentes). ○ Experiencia en procura e análise de literatura científica e patentes relevantes en simulación computacional, dinámica molecular, análise de datos moleculares ou ámbitos similares relacionados coas funcións do posto. ○ Experiencia en áreas afíns como electrónica rápida, crioxenia, sistemas de baleiro, microelectrónica, análise de datos ou tecnoloxías de detección avanzada. • Formación específica relacionada cos requisitos do contrato ofertado: ○ Expediente académico, segundo a nota media das titulacións requiridas para o acceso ao proceso de selección. ○ Formación de posgrao adicional ou cursos especializados en computación cuántica, física de partículas, simulación científica, programación avanzada ou tecnoloxías experimentais.	90	45



	○ Cursos especializados en frameworks cuánticos (por exemplo: Qiskit, Cirq, Forest, etc.) ou simuladores físicos (por exemplo: Geant4). ○ Formación en metodoloxías de investigación interdisciplinaria e traballo en equipo científico-técnico (xestión de proxectos, colaboración internacional, boas prácticas en reproducibilidade). ○ Outras formacións complementarias en programación científica, análise de datos, ou redacción e documentación técnica. • Outros méritos ○ Bolsas ou premios académicos recibidos. ○ Estancias internacionais (Erasmus ou similares) que acrediten competencia intercultural. ○ Publicacións ou participación en congresos (aínda que sexan estudantes). ○ Organización e/ou participación en actividades de difusión científica, incluíndo charlas, workshops e demostracións. Seleccionaranse para a fase de entrevista un mínimo do 40% candidatos por posto de entre os que superen o limiar mínimo requirido.		
2	Entrevista A entrevista centrarase en avaliar as competencias e habilidades transversais do candidato/a, así como a súa adecuación ao posto ofertado. ○ Competencias Técnicas: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto. ○ Habilidades Transversais: Capacidade de comunicación, traballo en equipo e resolución de problemas. ○ Adecuación ao Perfil do Posto: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a con os obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade. ○ Outras consideradas relevantes para o posto. Dado que a persoa seleccionada deberá manter interacción con equipos internacionais de investigación, para o que se require unha capacidade de comunicación fluída en inglés, a entrevista realizarase en inglés.	10	5

V. PARTICIPACIÓN

1. As solicitudes dirixiranse ao xerente do CESGA, utilizando o *ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE* que deberá estar accesible no portal web da Fundación CESGA (<http://www.cesga.es>). No devandito modelo as persoas aspirantes deberán rexistrar os seus datos de identidade e contacto que se empregarán para as comunicacións.



A tramitación da solicitude debe realizarse segundo o establecido no apartado 7 "Presentación de solicitudes e documentación" das bases xerais de selección de persoal.

VI. DOCUMENTACION A PRESENTAR

Para a solicitude de praza, as persoas candidatas deberán entregar a seguinte documentación:

1. **ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE**, cumprimentado e asinado.
2. **Curriculum Vitae**, empregando un formato libre, pero que inclúa referencias detalladas que permitan comprobar os requisitos e méritos indicados no Anexo II. Deberase igualmente facer explícito se se conta con acreditación/certificación que acredite o nivel de idioma/s requirido para a praza ou se, pola contra, non se dispón desta.

VII. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, contando a partir do día seguinte ao da publicación desta na web do CESGA.

VIII. PRAZO MÁXIMO DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

O prazo máximo de resolución da convocatoria será de tres meses.

IX. ACREDITACIÓN DE REQUISITOS E MÉRITOS

A/as persoa/s que resulten propostas para a contratación deberán presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos e dos méritos baremables na fase de concurso e restante documentación adicional incluída neste Anexo mediante os medios establecidos previamente no apartado *Presentación de solicitudes e documentación* das bases xerais.

	DESCRIPCIÓN DA DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR
TITULACIÓN	Copia simple do/s título/s ou documento que acredite de modo fidedigno a posesión do correspondente título académico (Grao, Mestrado, Doutoramento, e demais titulacións).
	Copia simple do expediente académico.
	Naqueles casos onde se avalíe a temática da tese doutoral, declaración responsable onde figure o título e un resumo da tese doutoral no que quede claramente reflexado que a temática principal está relacionada coa valorada.
CURSOS E FORMACIÓN	Copia simple do certificado de asistencia ou superación, incluíndo o temario do curso e o número de horas. Non se considerarán como cursos os créditos obtidos en estudos regulados.
CERTIFICACIÓN	Copia simple do certificado oficial.
PUBLICACIÓN	DOI/URL/ISBN da publicación e copia da mesma.



EXPERIENCIA	Copia simple do contrato de traballo onde figure expresamente o nome e código do proxecto ou contrato ou certificación da entidade onde participou, incluíndo as datas de inicio e fin da participación.
	Copia da vida laboral para os contratos laborais en España ou documento internacional substitutivo que inclúa a duración en días ou meses do contrato.
	Declaración responsable asinada polo solicitante, cunha descrición de cada un dos proxectos ou contratos nos que traballou, de non máis dunha cara dun folio A4 cada un, onde se xustifique a relación do mesmo co obxecto do criterio.
	Naqueles casos onde se valore experiencia relacionada co desenvolvemento de ferramentas e aplicacións dixitais, enlace a repositorios de código ou portafolios: Enlaces a repositorios públicos (GitHub, GitLab, etc.) ou portafolios que mostren exemplos de scripts ou ferramentas desenvolvidas. Cada exemplo debe incluír unha breve descrición do seu propósito e contexto.
IDIOMAS	Se é o caso, copia simple do título de perfeccionamento en lingua galega, do CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística.
	Se é o caso, copia simple do título ou certificado de inglés no nivel requirido no Anexo II ou acreditación/certificación equivalente atendendo á escala CEFR (Common European Framework of Reference).

X. PUBLICACIÓNS

Todas as publicacións relativas ao proceso selectivo desta praza realizaranse na páxina web do CESGA.

